

ESCOLA DA VIDA

Democracia, lobbies e enquisas

13.06.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

A democracia é un sistema de goberno baixo o que caben diferentes representacións sociais. Hai democracias que non son constitucionais como a británica, outras que son republicanas, como a francesa ou a norteamericana, outras monárquicas, como a española ou a sueca, e así poderíamos seguir facendo unha longa serie de tipoloxías. Pero aquí ímonos deter nunha en concreto, na que nos seus parlamentos ou gobernos admiten as presións externas dos chamados lobbies. Lobby é un termo inglés que fai referencia a un grupo de persoas que intentan influir nas decisións do poder executivo ou lexislativo en favor duns determinados intereses. Un país que admite este tipo de fórmula son os Estados Unidos. Estes grupos non influen só con argumentos políticos senón tamén con cartos, algo que os congresistas americanos teñen moi en conta.

En España non existe esta posibilidade, pero iso non quere dicir que sobre os parlamentos españois, central ou autonómicos, non existan grupos de presión. Por un lado, están as institucións representativas que poden presentar as súas propostas, como é o caso dos partidos políticos, e, por outra, a iniciativa popular, que mediante proposicións de lei, para a que se esixen cando menos 500.000 sinaturas acreditadas, poderá formular a petición de novas normativas, sempre que estas non teñan carácter de lei orgánica, tributaria ou internacional.

Así as cousas, en Galicia, xurdiu un grupo de presión chamado Galicia Bilingüe que parece estar a influir nas decisións sobre a normativa da lingua escolar pactada polo goberno e o Parlamento de Galicia. Pero se xa de por si parece pouco razoable que un goberno atenda as peticións de cambio dun grupo instrumental, menos aínda o é que ese mesmo goberno o faga utilizando o método de enquisa ou plebiscito. A arte do goberno é tomar decisións sobre as súas competencias, non trasladalas aos cidadáns. Se así fose, para que nomeariamos representantes?, para que sería necesario que houbera grupos políticos con programas de actuación?

O propio, nese caso, sería que a todos os cidadáns, a Administración nos enviase as propostas á nosa casa e nos lle remitísemos as nosas preferencias.

Quizais nun futuro non moi afastado isto sexa unha realidade. Entrementes seguiremos deixando nas mans e na cabeza dos que nos gobernan as decisións socialmente máis convenientes. Pero se algún goberno quere facerme unha enquisa que me pregunte sobre o soldo que debe cobrar. Eu xa teño a miña resposta: o que polo seu mérito e capacidade lle corresponda.